



C.E.I.P. "As Bizocas"
Balea s/n 36988 - O Grove - Pontevedra
Telf 886 15 19 72—Fax 886 15 19 73
e-mail: ceip.asbizocas@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipasbizocas/>



CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na *Resolución do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos*, realizarase, proximamente neste centro educativo, a renovación do **CONSELLO ESCOLAR** que é o instrumento de participación na vida escolar de tódolos sectores educativos do mesmo.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da Xunta Electoral que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- Directora do Centro.
- Un representante do persoal de administración e servizos.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai ou nai ou titor legal.

Os dous últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do *Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto)*. Dito **sorteo**, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste centro o próximo **día 29, ás 11 horas**.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas convocatorias que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

En Balea, 26 de outubro de 2021

A DIRECTORA DO CENTRO

